



Carta desde a banda da esperanza

Manuel Regal Ledo

1.- Abrindo a ventá

Benqueridas lectoras e lectores desta nosa revista ENCRUCILLADA: Abrimos esta Crónica de Igrexa con certo desacougo, que ten que ver coa situación política que vivimos. Desde hai décadas un neoliberalismo atroz –o Papa diría «que mata»– está condicionando e mandando na marcha practicamente de todo o mundo, a base de facer que a acción democrática se poña aos pés dos intereses económicos de quen máis ten, potenciando enormes desigualdades entre a poboación, como nos recordaba para España o informe FOESSA, do que falamos no número anterior. E a maiores diso o día a día vennos dicindo desde hai ben tempo que temos nós un enorme problema de integración dos diferentes pobos ou nacións que facemos esoutra nación que

é España. As últimas eleccións non fixeron senón dar forza aos focos de contradición e situarnos ante unha angosta tarefa, para a que cómpren calidades humanas, espirituais en sentido amplo e fondo, que non son precisamente as que de verdade se promoven. Estamos máis pola confrontación excluínate ca pola escoita buscadora. Parecemos folgarnos máis tripando ao contrario ca dándolle familiarmente a man. Multiplícanse as formas da agresividade, e a paz e as boas formas, así sexa disentindo, parecen fuxir das nosas fronteiras mentais. Ás veces –iso parece– por simple efectismo formal, electoral; ás veces porque a xente goza facendo iso, «réinalle», como ben dicimos por terras de Abadín.

Se este é un problema da nosa sociedade, este é tamén un pro-

blema do que quen formamos a Igrexa non debemos considerarnos alleos. E podemos asumilo engordando os bandos da tensión, ou aportando respecto, sentidiño, veracidade, distensión de dogmatismos, palabra xusta, pensada, razoada, agarimo sen exclusións, atención e preferencia sempre pola xente máis débil que vai quedando tirada no camiño destes conflitos –os orfos, viúvas e estranxeiros da nosa tradición profética–, mediación, paz. Non sabemos ata que punto a militancia cristiá con estas características ten presenza nos partidos políticos. Se a hai, non se fai oír moito. Incluso parece evidenciarse que por ideoloxía e non por evanxeo se está dando unha presenza relixiosa contribuíndo a queantar os ánimos e a agudizar dogmatismos.

Estaría ben algunha palabra eclesiástica institucional, xa non só xerárquica como a veces se acostuma, senón sinodal, de todo o pobo de Deus, despois dalgún encontro, dalgunhas xornadas de reflexión e de oración sobre do asunto, para axudar a facer camiño. As circunstancias merecéno. Algo ao que hai un ano, en carta escrita o 15 de novembro do 2018, nos invi-

taban 265 curas e 20 diáconos cataláns –mira ti!–, para entre todos atinar coa maneira xusta de ir resolvendo o asunto. Carta que, polo que sexa, pasou entre nós sen pena nin gloria.

2.- Sacudidos polo sínodo da Amazonía

Tardamos en atopar un adxectivo que reproducise ben o noso estado de ánimo crente, despois de ler con calma o documento final que resumía o traballo feito en Roma desde o 6 ao 27 de outubro por parte de 185 pais sinodais e 35 nais sinodais na presenza e co alento do Papa Francisco. Escollemos a palabra sacudidos, porque pensamos que a mesma realización do sínodo e as súas conclusións poden exercer en nós, as vellas igrexas do vello continente, un efecto de ondada que nos espernten do sono, que nos inciten a imaxinar, que nos suxiran posibilidades concretas, que nos reverdezan a fe e a esperanza, que nos empurren a vivir e actuar en clave sinodal; e todo en función dunha maneira renovada de sermos comunidades cristiás na nosa xeografía particular, que é Galicia. Permitímonos pararnos

algo máis do normal na nosa valoración do texto saído deste Sínodo, porque nos parece que vai haber un antes e un despois del no conxunto da Igrexa.

Suxerimos unha lectura do texto pausada, inocente, liberada de prexuízos a prol ou á contra de nada nin de ninguén, e menos do mesmo Papa. Un texto construído cunha linguaxe normal, accesible. Un texto que fala da aguda problemática vivida por unha rexión internacional, a Amazonía, onde máis de 33 millóns de seres humanos pretenden vivir con dignidade e moitos deles gustan de crer con coherencia, a pesar de políticas nacionais e internacionais nas que prevalece o criterio de enriquecemento comercial por riba do respecto ao medio ambiente e aos dereitos humanos; e a pesar tamén de certa canseira eclesial. Así o percibiu aquel sector de Igrexa, e á tarefa se puxo.

O texto ten unha introdución e 5 capítulos, para compoñer un total de 120 números, todos eles aprobados por máis dunha maioría dos 2/3 necesarios. Nos números 1-4 da introdución anuncia xa a urxencia de «abrir

novos camiños para a Igrexa no territorio» da Amazonía, abrazando e practicando o novo paradigma da ecoloxía integral e do coidado da casa común.

No cap. 1 (nn. 5-19) expón o método e finalidade: «A escoita da Amazonía no espírito propio do discípulo e á luz da Palabra de Deus e da Tradición empúrranos a unha conversión fonda dos nosos esquemas e estruturas a Cristo e ao seu Evanxeo» (n. 5); o que supón unha «conversión integral» (nn. 17-18), unha «conversión pastoral baseada na sinodalidade, que recoñeza a interacción de todo o creado» (n. 18). E, quizais tapándolle a boca a algunha crítica superficial previa, afirma: «Así, a única conversión ao Evanxeo vivo que é Xesucristo poderase desprezar en dimensións interconectadas para motivar a saída ás periferias existenciais, sociais e xeográficas da Amazonía. Estas dimensións son: a pastoral, a cultural, a ecolóxica e a sinodal» (n. 19).

En cada un dos catro capítulos seguintes vai desenvolvendo o sentido, a plan, os contidos, as posibles accións de cada unha destas dimensións. O cap. 2:

«Novos camiños de conversión pastoral» (nn. 20-40), simple e fondo a un tempo, debulla as características dunha Igrexa atenta á realidade múltiple da Amazonía: Igrexa misioneira (n. 21), samaritana, misericordiosa, solidaria (n. 22), en diálogo ecuménico, interreligioso e cultural (nn. 23-25), Igrexa acompañante (n. 26), con rostro indíxena, campesiño, afrodescendente (nn. 27-28), migrante (n. 29), con rostro mozo (nn. 30-33), aberta aos novos camiños da pastoral urbana (nn. 34-37), Igrexa de escoita e denuncia (n. 38). Linguaxe simple, cálida, alentadora.

No cap. 3: «Novos camiños de conversión cultural» (nn. 41-64), amósannos os pobos amazónicos (nn. 41-44), a súa identidade cultural e lingüística, os seus valores, para ofrecerse como Igrexa presente e aliada deses pobos nos seus territorios no medio de fortes conflitos que ameazan a súa vida e dignidade (nn. 45-50), e sinalan os camiños para unha igrexa inculturada: valoración da piedade popular (nn. 52-53) e mesmo unha teoloxía inculturada (n. 54) e intercultural: rexeite dunha evanxelización

colonialista (nn. 55-64). E todo con trazos limpos que aluden claramente á realidade da vida da xente, coherente co proxecto dunha «salvación integral» (n. 48). Unha linguaxe, un mundo de preocupacións, que, aínda que non nova, parece que fora esvaecendo do horizonte pastoral das nosas igrexas tamén.

No cap. 4: «Novos camiños de conversión ecolóxica» (nn. 65-85), predomina o reto dunha «ecoloxía integral» (n.66), en liña co que foi a rotunda proposta papal da *Laudato si*; ecoloxía, logo, como forma de vida que o abrangue todo, os comportamentos persoais, familiares, veciñais, a relación coa natureza, os criterios comerciais, o respecto ás vítimas primeiras das prácticas produtivistas a todo custe, que o serían as persoas e pobos máis fráxiles. Ecoloxía que cuestiona moitas prácticas da economía e do mercado actual. E para quen dubide do sentido da presenza activa da Igrexa nestes debates vitais, afirma rotundamente: «A defensa e promoción dos dereitos humanos non é simplemente un deber político ou unha tarefa social, senón tamén e sobre todo unha esixencia da fe»

(n.70). Introduce o concepto de «pecado ecolóxico» (n. 82), e suxire prácticas como redución da dependencia de combustibles fósiles, menos consumo de carnes e pescado etc.

E no cap. 5: «Novos camiños de conversión sinodal» (nn. 86-119), empeza afirmando: «Para camiñar xuntos, a Igrexa necesita unha conversión sinodal, sinodalidade do Pobo de Deus baixo a guía do Espírito na Amazonía. Con este horizonte de comunión e de participación buscamos os novos camiños eclesiais, sobre todo na ministerialidade e a sacramentalidade da Igrexa con rostro amazónico» (n. 86). Considera a sinodalidade como «dimensión constitutiva da Igrexa.» (n. 88). «A sinodalidade marca un estilo de vivir a comunión e a participación nas Igrexas locais que se caracteriza polo respecto á dignidade e á igualdade de todos os bautizados e bautizadas, o complemento dos carismas e ministerios, o gusto por xuntarse en asembleas para discernir xuntos a voz do Espírito» (n. 91).

Desde aquí é desde onde fai unha serie de importantes propostas que afectarán ás comu-

nidades amazónicas e tamén, seguro, ao conxunto da Igrexa. Así, que «o Bispo poida confiar, por un mandato de tempo determinado, ante a ausencia de sacerdotes nas comunidades, o exercicio da cura pastoral da mesma a unha persoa non investida de carácter sacerdotal, que sexa membro da comunidade (n. 96). Que «é necesario que ela (a muller) asuma con maior forza o seu liderado no seo da Igrexa, e que esta o recoñeza e promova reforzando a súa participación nos consellos pastorais de parroquias e dioceses, ou incluso en instancias de goberno» (n. 101). No n. 102 concreta: «Recoñecemos a ministerialidade que Xesús reservou para as mulleres» (? , non a específica). «Aseguramos o seu lugar nos espazos de liderado e capacitación» (non os concreta), solicita que «poidan recibir os ministerios do Lectorado e o Acolitado (xa o viñan practicando), e, isto é moi importante, «pedimos que sexa creado o ministerio instituído da muller dirixente da comunidade» (instituído, non ordenado). E solicita que se retome o traballo sobre o diaconado das mulleres (n. 103). Pero ás mulleres non

se lles deu voto, e si a homes que, por non seren bispos, non tiñan dereito a el. Parécenos que respecto a este asunto «viral», como se adoita dicir agora, hai moito repenique, pero pouca festa. A ver.

A maiores disto, cabe subliñar tamén o desexo de que se cree un diaconado permanente, ao servizo da pobreza concreta que se dá na Amazonía: «O diaconado hoxe debe promover a ecoloxía integral, o desenvolvemento humano, o traballo pastoral social, o servizo de quen se atopa en situación de vulnerabilidade e pobreza, configurándoo ao Cristo Servidor, facéndose Igrexa misericordiosa, samaritana, solidaria e diaconal» (n. 104), para o que suxire unha forma de vida e un proceso de formación.

Parécennos moi importantes e suxestivos –incluso para as nosas Igrexas en busca evanxelizadora– os itinerarios de formación para calquera clase de ministerio ordenado (nn. 107-108); como tamén a proposta do n. 111 de «ordenar sacerdotes a homes idóneos e recoñecidos pola comunidade, que teñan un diaconado permanente fecundo

e reciban unha formación axeitada para o presbiterado, podendo ter familia lexitimamente constituída e estable, para soste a vida da comunidade cristiá mediante a predicación da Palabra e a celebración dos Sacramentos nas zonas máis remotas da rexión amazónica». E tamén os novos camiños para a sinodalidade eclesial a través de universidades e outros órganos para a rexión panamazónica (nn. 112-115).

En fin, unha Igrexa menos monárquica, tanta a nivel Curia romana como a nivel diocesano; unha Igrexa máis sinodal, en si, na súa configuración, nos seus métodos de traballo; unha Igrexa de fonda comunión a partir do carisma, das valías de cada persoa cristiá. Sen esquecer que o forte deste sínodo non o son tanto os elementos intraecliais que se poden modificar ou introducir, senón a postura da Igrexa ante o feito social, político, económico, comercial da Amazonía. Agardamos con ansia a Exhortación Apostólica que o Papa prometeu para antes de fin de ano, sobre todo despois de lle oír dicir que as propostas do Sínodo debían ter ido máis lonxe.

3.- Outra vez un pacto das catacumbas

O 16 de novembro do 1965 un grupo de 42 bispos que asistían ao concilio Vaticano II, cando este se ía clausurar, firmaron nas catacumbas de Santa Domitila, en Roma o Pacto das Catacumbas, un pacto «por unha Igrexa servidora e dos pobres», no que comprometían todo o seu traballo de animadores eclesiais. Pois no mesmo lugar cousa semellante fixeron o 20 de outubro do 2020, próximo xa o remate do Sínodo da Amazonía que vimos de comentar, 40 bispos e outros pais e nais sinodais, homes e mulleres auditoras e peritas e outras persoas. Neste caso tratábase dun pacto «pola Casa Común», «por unha Igrexa con rostro amazónico, pobre e servidora, profética e samaritana».

Comeza con este preámbulo: «Nós, os participantes do Sínodo Pan-Amazónico, compartimos a ledicia de vivir entre numerosos pobos indíxenas, quilombolas, ribeirenses, migrantes, comunidades na periferia das cidades deste inmenso territorio do Planeta. Con eles temos experimentado a forza do Evanxeo que

actúa nos pequenos. O encontro con estes pobos desafíanos e invítanos a unha vida máis simple de compartir e de gratuidade», e logo dá paso aos 15 compromisos concretos que entran no Pacto, todos eles un resumo do que consideran máis importante do que sería logo o texto final do Sínodo

Todo o mundo entende que o realmente importante empeza agora ou cando o Papa ratifique co seu escrito o que teña a ben ratificar. O importante, logo, é o compromiso efectivo por levar a cabo o resultado do traballo feito. O importante é o traballo da xente de a pé que pacte no corazón unha vinculación real no día a día coas propostas que se consideraron determinantes para os tempos novos que queren ver nacer. Invitamos tamén a unha lectura calma deste texto breve. Cambiando o que deba ser cambiado, pensamos que ofrece estupendos criterios de traballo que igrexas como a galega ben poderíamos asumir.

4.- *Viri probati et non probati*

Andamos na Igrexa á voltas co tema do celibato sacerdotal á conta neste caso da posible

ordenación sacerdotal dos «*virī probati*» para as comunidades indíxenas do mundo amazónico como acabamos de ver. As voces multiplícanse. Hai quen o considera completamente normal, porque debe prevalecer o «dereito» substancial cristián a vivir a Eucaristía sobre a norma do celibato, e concordamos con este criterio. Hai quen o ve coma unha traizón á tradición católica neste punto, elevándoa case ao nivel dun dogma de fe, e non o entendemos así. Hai quen teme que tal pequena apertura zonal dea pé a idéntica solución noutras partes do mundo, onde por escaseza de sacerdotes, as comunidades cristiás poden participar na Eucaristía só de cando en vez; é o razoamento ten a súa lóxica, por máis que as condicións de poboacións occidentais, por exemplo, con enorme capacidade de mobilidade, non se asemellan en nada ás do mundo amazónico.

Ben, parece que queda lonxe, logo, para tempos moi futuros, o paso de admitir que poida haber sacerdotes casados, sen ningunha outra precisión como non sexa a dunha boa probación; pensamos que iso non tería que degradar para nada o mérito dos

sacerdotes célibes, ao contrario, podería incluso subliñar a súa particular excelencia. Mentres e non, non se nos vai da cabeza a dúbida de que tanto condicionamento normativo obedeza a unha desconfianza de fondo, ás veces abertamente manifestada, de que sen esa norma de contención acabaríanse os curas célibes. O Espírito incítanos a pensar que as cousas non terían por que ser así.

Si que cabe tomar nota da diferenza de trato eclesial cos sacerdotes que decidiron deixar de selo, normalmente, aínda que non sempre, para poderen casar, e que recibiron do Vaticano a dispensa correspondente. Recordamos os vellos criterios e normas, que, a maiores de vetalo case para calquera labor pastoral ou de ensino relixioso – nin sequera ler ou facer de acólito nas Misas–, incluso se lle aconsellaba que vivise lonxe do lugar onde exercera coma cura, entendendo que a súa decisión era causa de escándalo para a comunidade. Mesmo se lle impuñan como penitencia unhas obras de piedade ou de caridade, dando por feito que o paso dado fora un pecado do que cumpría redimirse. As autori-

dades eclesiásticas non querían entrar a interesarse, coñecer e acompañar o mundo persoal de quen solicitaba a dispensa, no que podería haber, posiblemente, moito de erro ou de culpa, pero tamén moito de coherencia, de busca, de dignidade e mesmo de fidelidade persoal a si mesmo e a Deus. De interesarse, a propia institución igual se atopaba tamén con grosos erros nos propios estatutos vocacionais e formativos.

Pois ultimamente –temos diante unha dispensa do xullo pasado– nas respostas dadas desde Roma a solicitudes de dispensa, vense criterios moi diferentes, grazas a Deus. Pídese que o tal sacerdote sexa acollido na comunidade cristiá para poder seguir o seu camiño, fiel á súa vocación bautismal, e que se lle poidan confiar funcións e servizos dentro da comunidade, sempre que tal cousa non cause estupor ou escándalo nos seus membros. Pode ser director e ensinar disciplinas teolóxicas en institucións relixiosas inferiores; pero ningunha das dúas cousas en institucións de grado maior. Mais, aínda nestes casos, pode ser dispensado destas prohibicións pola Congregación para

o Clero, previo informe do bispo correspondente. Iso si, non pode ensinar nos seminarios. Entende quen tal manda que a súa vida non sería un exemplo para os mozos en formación.

Oxalá todos sexamos ben fieis ao Espírito para ir encaixando todas estas realidades con forza evanxélica, e, por que non, cunha boa dose de sentido común, de humanidade. Parece que ambas as dúas cousas non nos virían mal.

5.- Da Amazonía a Alemaña, similitudes e diferenzas

E seguimos a voltas cos sínodos. Están de moda. Rara é a diocese española que non teña feito, estea facendo ou vaia facer o seu sínodo particular. Está de moda tamén a sinodalidade. Mesmo parece que é un dos puntos vigorosos, ao redor do cal o Papa Francisco pretende impulsar a vitalidade eclesial. Tanto é así que parece que ao remate do Sínodo sobre a Amazonía se deixou caer que o tema do próximo Sínodo universal podería ser xustamente sobre a propia sinodalidade.

Por iso resulta importante observar como se están empezando

a concibir e realizar os Sínodos. Un caso paradigmático podemos ver no Sínodo Pan-Amazónico, que acabamos de comentar. E caso paradigmático tamén é o caso do Sínodo da igrexa alemá, en camiño xa desde comezos deste mes de novembro, e que manterá os seus traballos por espazo de dous anos. Un Sínodo este, que, coma case todos, se proxecta a partir dunha situación eclesial crítica; neste caso o afloramento de múltiples casos de pederastia, unha baixa considerable de fieis católicos, unha perda de confianza na institución eclesial; a crise, en fin das «igrexas baleiras», que tanto se prodiga en occidente.

Ante isto a igrexa alemá reacciona. Faino da man da súa Conferencia episcopal, presidida polo cardeal Reinhard Marx, e do Comité Central de Católicos Alemáns —unha asociación laica—, acompañados por 140 organizacións máis e por distintas persoas do mundo político e académico. E acordan que estes sexan os temas a abordar: Autoridade, participación e separación de poderes. Moralidade sexual. Forma de vida sacerdotal. Muller e ministerios e oficios da Igrexa. Asuntos arredados

das circunstancias de empobrecemento e marxinalidade do mundo amazónico. Temas todos que afectan á liña de flotación da configuración clerical da Igrexa. A cousa está causando receos e pesares, algo dentro da propia igrexa alemá, e máis na Curia romana. O mesmo Papa Francisco, xa o 29 de xuño, lles escribiu unha carta insistindo moito en que os camiños en solitario nunca chegan a bo porto.

O prefecto da Congregación dos Bispos, Marc Ouellet escribiulle unha carta ao cardeal Marx para advertilo dos inconvenientes canónicos nos temas a abordar (cuestións doutrinais que afectan a toda a Igrexa e nos propios estatutos do sínodo). Hai que notar, por exemplo, que o sínodo, en principio, é cousa de bispos, aínda que logo se poidan asociar outras persoas cualificadas, e que se necesitan os 2/3 de votos episcopais para que algo poida ser aprobado; pois neste caso dos 200 membros convocados soamente 69 serán bispos, 70 serán membros do dito Comité central de Católicos Alemáns, e logo sacerdotes, diáconos, membros doutros grupos de laicos, e todo con voz e voto. As cousas que se

aproben deberán selo co 2/3 de todos os asistentes, e para poder ser aprobadas os nons episcopais non deberán superar o 1/3.

De Sínodo episcopal estase pasando a un pequeno concilio do Pobo de Deus. Por temas e métodos o que periga é a supremacía clerical e iso doe. Oxalá a cousa se leve ben, con sensatez e bo espírito, frutifique e abra camiños novos de sermos e realizarmos a Igrexa en paz, verdade e creatividade.

O Cardeal Marx, un dos máis íntimos colaboradores do Papa Francisco, entrevistouse con el, e comprometeuse a non romper coa unidade eclesial, so faltaba!, e, en todo caso, en temas nos que non teñan capacidade de acción, expoñer as cousas a Roma, como suxestións dunha igrexa particular que se sente aburada por circunstancias extremas. Todo fai crer que o mesmo Papa está moi de acordo con esta apertura do espírito sinodal.

6.- De peregrinación en peregrinación

Hai un par de semanas chegaron á nosa casa en Candía, Abadín, Lugo, que está á beira

do Camiño Norte de Santiago, unha parella, Etienne e Madeleine, do norte de Francia, xubilados; solicitábons un lugar calquera onde poder xantar coa comida que eles traían. Loxicamente invitámoslos a pasar á cociña, onde o lume aceso axudaba a unha convivencia cálida tamén; comeron do seu e comeron do noso. Falamos do noso e falamos do seu. Ela era persoa crente desde pequecha, el convertérase grazas ao Camiño. Levaban cinco anos peregrinando a Santiago, cada ano 300 km; este sería o último, con pesar, porque o camiño anual estaba sendo para eles unha experiencia inigualable. Ben é certo que o seu estilo de peregrinación era algo atípico. Con tenda de campaña ao lombo, paraban onde e cando querían, observaban a natureza, o medio, con vagar; gustaban de demorar coa xente, coas súas vidas, costumes, fe; pracialles peregrinar polos camiños simples e fondos da vida. Foi un pracer.

Queixábanse de que moitas igrexas estivesen pechadas e de que incluso houbera catedrais nas que, para poder entrar, fose necesario pagar. Non lles collía na cabeza. Quero recordar que tal cousa tamén lles pasou

na de Mondoñedo. E iso que, por estar a catedral de secular aniversario (800 anos, bispo Don Martín, 1219), ben debía estar orgullosa de amosarse gratis coa súa historia, pesares e glorias, cos homes e mulleres, pobo e dirixentes que a fixeron tal ano a ano, século a século. (Para o Ano Santo do 2021 está en marcha un plan de colaboración da Xunta cos responsables parroquiais para garantir que as igrexas do camiño poidan estar abertas e atendidas para servizo de quen peregrina.)

Nunhas San Lucas molladas e desapracibles, así foi, puídemos conmemorar os 800 anos da nosa Catedral cunha serie de actos civís e relixiosos coidados e oportunos, que nos puxeron en contacto cun pasado variado, complexo, tecido de fe e devoción na forma e medida en que a fe e devoción foron promovidas e vividas nas diferentes etapas históricas. Tal como podemos dicir máis ou menos de todas as nosas catedrais.

E o pasado ábrenos ao futuro. As igrexas catedrais, coa súa monumentalidade admirable e ben coidada, están aí para deleite artístico e espiritual de quen

así o queira. Pero as circunstancias históricas e eclesiais están levando ás nosas igrexas diocesanas a cambios de tipos de presenza e de estratexia evangelizadora. Polo menos desde o século XII, senón xa antes, a configuración diocesana estaba baseada nas parroquias, cos seus límites, santos titulares, fieis e clero; un clero abundante no que descansaba todo o que na parroquia se facía e desfacía a nivel relixioso. Un excesivo clericalismo que contribuíu a achicar a función do laicado.

Hoxe todo isto está patas arriba. En todas partes se apela ás Unidades Pastorais como elemento configurador da diocese. Está por traballar a fondo o dinamismo consistente e innovador destas Unidades na súa dinámica interna, na súa mística, na súa realización concreta. A falla de clero abre as portas a unha revalorización da comunidade, a unha nova concepción do labor sacerdotal, a unha imprescindible estratexia formativa e informativa, a novos ministerios ou servizos de homes e mulleres cara a dentro e cara a fóra da comunidade, cunha fe personalizada á altura dos retos seculares do presente. Un cam-

bio crucial que, ben orientado e todo, levará varias xeracións integralo no diario vivir diocesano. Saberemos construír esta nova igrexa de corpos e almas coma os nosos maiores souberon construír fermosas e recias catedrais? Teremos valentía, lucidez e constancia para poder facelo? Oxalá! É a gran tarefa. O Espírito nunca dirá que non.

7.- Polos camiños da conversión cultural

Non apelamos a ningún dogmatismo. E si a un elemental principio existencial: cada quen contribúe a un estadio social superior (familia, parroquia, pobo, país, nación, mundo), desde a súa propia condición dignamente vivida. Fago familia desde a miña condición de pai ou filla; fago pobo desde a miña orgullosa condición de labrego ou empresario; fago España desde a miña condición irrenunciable de galego. E así sucesivamente. E cando dicimos pai, filla, labrego, empresaria, galego, dicímolo con todos os aditamentos que cada unha desas realidades leva consigo. Un non fai España renunciando a nada do que constitúe ser galego, senón, ao

contrario, aportando todo o que tal cousa significa, a fondo. E un tampouco non fai Igrexa se renuncia a selo desde as condicións antropolóxicas, culturais, que caracterizan á parte do mundo onde habita.

De todo isto falou moi fermosamente o sínodo da Amazonía no seu capítulo 3, titulado «Novos camiños de conversión cultural». Un capítulo que nós, a xente de Galicia, os homes e mulleres que dentro dela configuramos a Igrexa, deberíamos ler con especial interese e apertura. Con mentalidade de conversión cultural. A lingua propia, cando un pobo ten a dita de dispoñer dese marabilloso herdo cultural, é a cerna desa particular identidade cultural. Pero hai moitas cousas máis que nos identifican e diferencian, como froito non de ningunha obsesión absurda, senón do desenvolvemento normal da riqueza da vida. As persoas crentes ousamos dicir que isto é así mesmo por querenza do un e múltiple Espírito creador de Deus.

Por iso recibimos con especial ledicia que, polas mesmas datas nas que na Amazonía se afirmaba isto con contundenden-

cia, desde aquí, desde a Nosa Terra, desde Galicia, xentes da editorial SEPT (Sociedade de Estudos, Publicacións e Traballos), que tanto teñen feito pola inclusión da nosa lingua, da nosa cultura, no mundo da Igrexa e da sociedade galega, se decidisen a dar o paso de relanzar esta tarefa, dado que percibían que estabamos abandonando este compromiso civil e eclesial. Baixo e epígrafe de «fagamos Igrexa galega» —ante o que ninguén debería rechar, se é que estamos en Galicia—, inician un proceso de reflexión e de traballo sobre o concreto, ao que estamos convidadas cantas persoas teñamos interese. Nunha positiva primeira xornada de presentación xa se sinalaron actividades concretas ao respecto: Unha inmediata nova edición da Biblia en galego, recompilación e renovación do canto litúrxico galego, «Web de oración» en

galego, que xa está en marcha, creación dunha plataforma na rede. En fin, cousa esperanzadora. A persoa de referencia de toda esta acción é Nuria Núñez Elissetche. Seguiremos ao tanto desta iniciativa que o 27 de decembro terá en Santiago o seu segundo encontro aberto.

E máis nada desta volta, amigas e amigos. Se chegamos a tempo de vos felicitar o Nadal e o Ano Novo —e, senón, tamén—, que os teñades felices, que empecemos o ano con ilusión por facelo próspero en humanidade no nome de Deus ou do que sexa; que persoas e pobos sexan tratados con dignidade, que cada quen desde o seu recanto xeográfico cultural vivamos con ilusión a tarefa de facer pobo, país, mundo, de facer Igrexa, se esta é tamén a nosa opción. Ata o ano que vén.

Manuel Regal Ledo